

**PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
LINGUA
ESTRANXEIRA INGLÉS
ETAPA DE
EDUCACIÓN INFANTIL**

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE OS TILOS

MESTRA: PAULA FUCIÑOS PÉREZ

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL
3. CONEXIÓN CURRICULAR
4. COMPETENCIAS BÁSICAS
 - 4.1 Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas.
5. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NA EDUCACIÓN INFANTIL.
6. OBXECTIVOS DAS TRES ÁREAS NO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL.
7. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.
8. CONTIDOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.
 - 8.1 Contidos específicos da lingua inglesa.
9. METODOLOXÍA.
 - 9.1 Metodoloxía Xeral.
 - 9.2 Metodoloxía Específica.
10. EDUCACIÓN EN VALORES. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
11. AVALIACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira na etapa de educación infantil, permite que os nenos e nenas podan familiarizarse cas formas de comunicación distintas á lingua materna, aceptando con normalidade o uso doutras linguas e comezando a acadar unha competencia comunicativa básica para comunicarse nunha lingua estranxeira de forma contextualizada.

O ensino das linguas estranxeiras adiantase ao Segundo Ciclo da Educación Infantil, Orde do 30 de Abril do 2007, para dar resposta a unha necesidade prioritaria de comunicación e de entendemento entre culturas diferentes. É todo un xeito igualitario para os nosos alumnos/as dentro de un marco común de aprendizaxe. O Consello de Europa indica que o obxectivo último de aprendizaxe dunha lingua estranxeira é que acaden grados de competencia lingüística, entendendo como tal a capacidade de interactuar na devandita lingua. Este é un proceso no que interveñen factores cognitivos, afectivos e sociais. Unha actividade comunicativa que require a utilización da linguaxe oral e escrita e o uso de recursos e estratexias de comunicación lingüísticas e non lingüísticas pertinentes no contexto que ten lugar. As Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación terán un papel moi importante como vehículo mediador da aprendizaxe da lingua estranxeira.

A área de lingua estranxeira ten como obxectivo formar persoas que poidan utilizala para comprender, falar e conversar, ler e escribir, polo que o seu uso debe ser o punto de partida dende o inicio da aprendizaxe.

No segundo ciclo da Educación Infantil recoméndase centrarse só nas destrezas orais, iniciando a ensinanza dunha lingua estranxeira dun xeito lúdico e estimulante. Nos Ciclos seguintes as destrezas desenvolveranse de forma graduada e integrada. O desenvolvemento individual da aprendizaxe implicará distintas formas de procesar a información e adquisición de diferentes capacidades.

Esta programación da lingua estranxeira (Inglés) desenvólvese no CEIP Plurilingüe Os Tilos no Concello de Teo, concretamente na urbanización do mesmo nome do centro. É unha zona semiurbana moi preto da cidade de Santiago de Compostela.

Entre as características do alumnado podemos sinalar que a maior parte dos nenos e nenas que acoden a este centro teñen un nivel socio cultural medio alto.

No concello de Teo atópase o Centro de Rehabilitación Neurolóxica Foltra coa particularidade de que os nenos e nenas en idade escolar que acoden a el escolarízanse, na súa meirande parte, no noso centro por corresponderlle zona e por proximidade. Isto supón que cada ano o centro recibe alumnado de integración procedente deste centro de rehabilitación, feito que teremos en conta á hora de desenvolver a presente programación.

Este centro forma parte do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) polo que tamén se terán en conta, na medida do posible, as actividades interdisciplinares que se propoñan dende a biblioteca do centro e outros equipos.

O alumnado de infantil está distribuído en dous grupos A e B dende 4º Educación Infantil ata 6º de Educación Infantil. Forman parte do Proxecto de Plurilingüismo que se está a desenvolver no centro polo que a área de Plástica é tamén impartida en inglés.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipostilos/aulavirtual/login/index.php>.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

- Comprobar as necesidades específicas do alumnado con dificultades, por falta de medios e recursos para o ensino telemático e resolvelas, comunicándoo ao equipo directivo , de xeito que se adopten as medidas necesarias para minimizar as devanditas dificultades.
- Establecer directrices específicas e individuais en colaboración co profesorado especialista do departamento de orientación para a atención e seguimento dos alumnos/as con NEE.
- Considerar posibilidades de atención singular para o alumnado con necesidades específicas.
- Manter unha comunicación fluída cos alumnos/as a través de todos os medios posibles.

3. CONEXIÓN CURRICULAR

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE), regulación xeral do sistema educativo.
- Real Decreto 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil.

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, no que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Proxecto Educativo (PE) e a Concreción Curricular (CC), no que o Currículo Oficial é adaptado ao contexto e especiais condicións socioeconómicas e culturais do área onde o centro está localizado. Tamén tivemos en conta os diferentes Proxectos e Plans incluídos no PE:
- Proxecto Lingüístico, que fai referencia a todas as linguas faladas na escola e o seu uso. As linguas que se usarán nas diferentes áreas, as medidas de apoio e reforzo que garantirán o uso lingüístico correcto, os criterios para determinar a lingua predominante na zona, as propostas para impulsar o uso do Galego, etc. Inclúe aspectos como o Programa de Anticipación da Lingua Estranxeira (Abril do 2007), Sección Bilingüe, os Programas CUALE e PIALE, etc.
- O Proxecto Lector (Decreto 130/2007 e 133/2007).
- O Plan de Introducción das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) Decreto 130/2007 e 133/2007.
- Plan de Convivencia, Real Decreto 275/07 e Decreto 85/2007.
- Plan de Orientación e Función Tutorial, Orde do 24 de xullo 1998 e Circular 18/2007.

4. COMPETENCIAS BÁSICAS

A competencia básica é a capacidade de poñer en práctica de forma integrada en contextos e situacións diversas, os coñecementos, habilidades e actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes que van máis alá do saber e do facer, incluíndo o saber ser ou estar.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea e de acordo coas

consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse oito competencias básicas.

C1: Competencia na Comunicación Lingüística.

C2: Competencia matemática.

C3: Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

C4: Tratamento da Información e competencia dixital.

C5: Competencia Social e Cidadá.

C6: Competencia cultural e artística.

C7: Competencia para aprender a aprender.

C8: Autonomía e iniciativa persoal.

O desenvolvemento e adquisición das competencias básicas realízase ao longo de toda a vida escolar obrigatoria e participan todas as áreas e materias do currículo xunto coas medidas organizativas e funcionais do centro, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.

4.1 Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar que adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a

aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, no instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a exposición.

Esta maneira é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas serven aos falantes para comunicarse de forma social, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Tamén en boa medida son vehículo de comunicación e transmisión cultural e transmisión cultural, e favorecen ao respecto, o interese e a comunicación como falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento. As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia entramento da información e competencia dixital. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotiá que contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e polo tanto contribúe a adquirir a competencia artística e cultural posto que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da competencia na autonomía e iniciativa persoal. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, poñendo en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente e a pesar de que a Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e a Competencia matemática non se mencionen especificamente nos obxectivos, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar

o desenvolvemento de ditas competencias.

5. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NA EDUCACIÓN INFANTIL.

1. A finalidade da Educación Infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo e intelectual dos nenos e nenas.
2. En ámbolos dous ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenos e nenas elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.
3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

6. OBXECTIVOS DAS TRES ÁREAS NO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL.

1. Área: Coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal.

Obxectivos:

- Formarse unha auto imaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas

das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzan do o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e máis evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais; idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación de identidade sexual e cultural.

2. Área: Coñecemento do contorno.

Obxectivos:

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e máis mostrando interese polo seu coñecemento.

- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poidan producirse como consecuencia de situacións de vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.

- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega, expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.

- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e máis,

establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pensando, etc.

3. Área: Linguaxes; comunicación e representación.

Obxectivos:

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais, o silencio, a mirada a xestualidade, o olfacto e o tacto, como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...etc, con diferentes interlocutores/as e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades

contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...etc.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC, ordenadores, a internet, o encerado dixital interactivo, escáner, vídeo...etc., como ferramenta de busca de información, creación, expresión e comunicación.

7. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

1. Estimular o desexo de aprender e xogar empregando o inglés como vehículo de comunicación na clase.

2. Promover a participación activa dos nenos e nenas no proceso de aprendizaxe, empregando o inglés con obxectivos concretos co fin de que a aprendizaxe sexa significativa para os alumnos e alumnas no entorno social da aula.
3. Contribuír ao desenvolvemento global e integral do alumnado(físico, social, emocional, psicolóxico e cognitivo).
4. Relacionar e integrar a aprendizaxe da lingua inglesa con outras áreas do currículo escolar da Educación Infantil.
5. Comprender globalmente información sobre o entorno das nenas e nenos de educación infantil: casa, familia, escola, xogos...etc.
6. Familiarizarse coas novas formas de comunicación (TIC) e recoñecer o valor comunicativo das linguas.
7. Comprender o significado xeral de contos curtos, narrados ou lidos por unha persoa adulta, preferiblemente, contos xa coñecidos na propia lingua.
8. Apreciar e valorar elementos propios da cultura tradicional infantil inglesa e aprender a valorar a propia lingua e cultura.

8. CONTIDOS EDUCACIÓN INFANTIL

Os contidos contemplados no Currículo son os seguintes:

Área Linguaxes: Comunicación e Representación.

1 Bloque 1: Linguaxe Verbal.

- escoitar, falar e conversar.

* Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para

adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e das demais persoas.

- * Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha estruturación das súas oracións.
 - * Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementado o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
 - * Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.
 - * Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.
 - * Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...etc.
 - * Interese por participar en interaccións orais na lingua estranxeira, nas rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara á lingua.
- Aproximación á lingua escrita.
- * Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
 - * Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
 - * Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
 - * Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas entendendo a propiedades cuantitativas,

cantidades de letras, palabras longas e curtas, e propiedades cualitativas, variedade de grafías. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.

* Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

- Achegamento á literatura.

* Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...etc; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

* Dramatización de textos literarios, desfrute por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.

* Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.

* Participación creativa en xogos lingüísticos, encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...; acompañados de respostas corporais, xestos, movementos, ritmos...; para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.

* Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.

* Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula como medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

2 Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrado nas actividades de tocar, ulir, oír e ver.

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica, liña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros; que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes como papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital, fotografías...etc; e das distintas técnicas como debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...etc.
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...etc.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, na contorna, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio.
- Recoñecemento de sons da contorna natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Creación mediante a música e o baile dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.
- Vivencias de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal como mimo, monicreques, teatro de sombras...etc; colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

3 Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnolóxicas da información e a comunicación.

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias, de exploración e investigación.

- Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica, nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como serie de animación, presentacións, vídeo...etc, a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

4 Contidos específicos da lingua inglesa.

Escoitar, falar e conversar:

- Comprensión de mensaxes orais utilizadas para a interacción na aula.
- Comprensión de instrucións simples e vocabulario básico relacionado cos temas de comunicación utilizados polas nenas e nenos de educación infantil.
- Identificación de estratexias de comunicación non verbais.
- Uso de estratexias orais: imitación, repetición formulación de hipótese de significado, duplicación de termos na L1/L2 e LE.
- Reprodución de cancións infantís *nursery rhymes*, etc.
- Interacción coa persoa docente e cas compañeiras e compañeiros para preguntar e responder a cuestións básicas da súa vida cotiá.
- Produción de mensaxes curtas de uso cotiá (saúdos, descrición persoal, pedir cousas, etc.).

5 Aspectos socioculturais e consecuencia intercultural

- Curiosidade por coñecer outras linguas e outras realidades socioculturais.
- Interese por entender e facerse entender na Lingua Estranxeira..
- Recoñecemento dalgún dos hábitos e aspectos culturais propios dos países onde se fala a LE (mundo infantil, familiar, escolar, festas...).
- Recoñecemento e uso de ritmos musicais propios da cultura dos países onde se fala a LE que servirán para desenvolver a creatividade e a coordinación corporal.
- Identificación e uso de estratexias de aprendizaxe (transferencia a L1/L2).

9. METODOLOXÍA

9.1 Metodoloxía Xeral.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos e nenas da Etapa Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno/a deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea.

Por iso teremos en cota os seguintes principios metodolóxicos da ensinanza do inglés na Educación Infantil para obter o Input lingüístico adecuado.

- Coordinación cos titores.

A coordinación cos titores dos nenos/as resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés sexa enfocado dun xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo. É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os/as profesores/as de inglés se poñan de acordo cos titores/as para que os temas a tratar sexan os mesmos cos doutras áreas.

- Rutinas da clase.

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os/as nenos/as aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os/as nenos/as adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as leccións presentan idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos mesmos tipos de xogos e actividades.

- Actividades curtas.

A capacidade de atención e de concentración dos nenos/as na Educación Infantil é bastante limitada, o que se tivo moi en conta á hora de elaborar a secuencia de actividades propostas nos materias da clase. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades sucedan rapidamente. Por ese motivo recoméndase non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas.

- Período de silencio.

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos/as atópanse co que os lingüistas denominan “ período de silencio”. Nesta fase rexeitan falar en inglés, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionaremoslle distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lle facemos unha pregunta, brindámoslles a oportunidade de demostrar que entendéronos a través dunha resposta física.

- Colaboración cos pais.

Convén tamén manter un estreito contacto cos pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos/as e o método de traballo que se vai desenvolver, dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos e fillas no proceso de aprendizaxe.

Por outro lado mencionar que tamén facemos fincapé en acadar o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas básicas: **Listening, Speaking, Reading and Writing**, traballando principalmente neste ciclo de Educación Infantil as destrezas orais Listening e Speaking e baseándonos no método **Communicative Approach**.

9.2 Metodoloxía Específica.

* Organización do espazo e do tempo.

A organización eficaz do espazo tempo, potencia a conciencia espacial, o pensamento lóxico e o concepto de secuenciación temporal. Crearase un entorno no que os/as nenos/as se sintan seguros e cómodos e que fomente as posibilidades de comunicación, experimentación, autonomía, creatividade e xogo, o que influirá directa e decisivamente na aprendizaxe.

En canto o espazo, en cada actividade empréganse as mesmas zonas físicas da aula deimitada ao correspondente grupo burbulla establecidos polo titor/a.

Polo que respecta ao tempo, teremos en conta que traballaremos con nenos/as de curta idade que non poden manter a atención durante longos períodos polo que necesitamos cambiar de actividade frecuentemente e tamén actividades que fomenten a actividade física e de movemento.

* Técnicas.

Entre as técnicas a utilizar na aula, traballaremos con diferentes contos, posto que favorecen a un contexto familiar para os/as nenos/as e unha aprendizaxe global e significativo ao mesmo que estimulan a imaxinación dos/as nenos/as. Traballaremos contos que ofrecen unha gran variedade de temas coma ***The very hungry Caterpillar, the busy spider, etc.***

Utilizaremos tamén o xogo como elemento esencial e didáctico para o aprendizaxe. Permítelle aos/as nenos/as explorar, descubrir o mundo que os rodea así como

desenvolver a imaxinación e a creatividade. Ademais proporciona a estas idades a posibilidade de reaccionar ante a lingua e empregala dun xeito natural, diversa e espontánea. Ao mesmo tempo facilita o emprego do inglés como vehículo de comunicación en clase posto que este é normalmente un contexto familiar para o alumnado. En todas as unidades do curso inclúese unha gran variedade de xogos (libres, guiados, simbólicos...etc.) así como role-plays e dramatizacións.

Finalmente mencionar o uso de cancións e as TPR activities na clase de lingua inglesa como base de motivación para o aprendizaxe da lingua. O uso de cancións axúdanos a conseguir unha atmosfera relaxante e receptiva así como a desenvolver a automaticidade no uso da lingua estranxeira dun xeito divertido. Tamén faremos especial atención a aquelas cancións que reflicten elementos da cultura tradicional inglesa coma as típicas rimas infantís ou os chants ingleses así como cancións clásicas de Nadal. Usando este tipo de cancións poñemos en contacto ao alumnado cos elementos culturais do mundo anglosaxón.

* Recursos.

Os recursos e materiais serán variados, flexibles, innovadores e adecuados ás necesidades específicas de cada alumnos/a. Algúns dos materiais empregados serán:

- Recursos Xerais: contos como The very hungry Caterpillar, the busy spider, etc. fichas, xogos, flashcards...etc.
- Materiais de audio, visuais e audiovisuais: cancións youtube, pizarra dixital.
- Materiais de ordenador: software educativo, Internet que será un dos recursos máis utilizados onde traballaremos diversas páxinas webs de inglés, onde atoparemos unha gran variedade de ferramentas (contos, vídeos, xogos), tales como www.angles365.com, www.starfall.com ou www.britishcouncil.org entre outras.

* Temporalización.

A sesión de lingua inglesa agrupouse nunha sesión de 50 minutos. Cada unidade didáctica durará sobre 5-6 sesións exceptuando os festivos que serán de dúas sesións respectivamente.

10. EDUCACIÓN EN VALORES.

A educación en valores é unha tarefa complexa que se debe desenvolver ao longo das diferentes etapas educativas e en todas as áreas. O seu tratamento require; diálogo e comunicación como instrumento de uso, a implicación de toda a comunidade educativa e a inmersión dos alumnos/as na situación que os fagan reflexionar.

Algúns dos temas de educación en valores que traballaremos nestas unidades son:

- Educación Cívica e Moral; na que o alumnado coñecerá as normas sociomorais vixentes e fórmulas xustas de convivencia.
- Educación para a Paz; traballaremos coma a tolerancia, o respecto á diversidade, a capacidade de diálogo e de participación social e tamén no desenvolvemento da autonomía e a autoafirmación.
- Educación para a Saúde; para que os/as nenos/as aprendan a relacionarse positivamente co ámbito físico, biolóxico e sociocultural, así como mellorar o funcionamento do propio organismo.
- Educación Ambienta.; co obxectivo de capacitar ao alumnado para comprender as relacións que existen co medio en que se desenvolve e que aprenda a ser responsable ante perigos ambientais.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As necesidades de diversidade deberán ser tidas en conta nas clases posto que

o alumnado ten diferentes intereses, motivacións e habilidades. Para conquistar isto a nosa programación debe ser aberta e flexible e permitir cambios baseados nas necesidades dos nosos alumnos/as. Atenderemos a diversidade en tres aspectos:

- Na programación, todos os compoñentes (competencias, obxectivos, contidos) son traballados dende o nivel básico ao avanzado.
- Na metodoloxía, as actividades serán relacionadas e organizadas tendo en conta as características individuais do alumnado.
- Nos materiais, farase unha utilización flexible deles.

As actividades de reforzo e ampliación na Educación Infantil, limítanse á creación de contextos lúdicos, situacións cercanas aos seus intereses: contos, cancións, frases feitas como saúdos, agradecementos, xogos e role-plays, así como o uso do ordenador con programas específicos e Internet.

11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Aínda que o enfoque principal consta en motivar ao alumnado máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. No primeiro curso do 2º ciclo de infantil, como as/os nenas/nenos están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É moi importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas.

A avaliación será global, formativa, continua e integradora de todas as áreas. Polo tanto constará das seguintes partes:

- Avaliación inicial; para coñecer o punto de partida do alumnado.
- Avaliación formativa; para coñecer os logros e dificultades no momento de producirse.

- Avaliación final; para coñecer o nivel alcanzado ao termo de cada momento de ensino-aprendizaxe.

Para a recollida de información desta avaliación continua utilizaremos:

- Observación directa e sistemática do alumnado.
- Comprobación da participación nas actividades.
- Rexistros dos datos.

11.1 Criterios de Avaliación de Educación Infantil, Área de Lingua Inglesa.

- Utilizar a lingua oral do modo máis convinte para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, poesía, rimas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as

experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

11.2 Criterios Específicos de Avaliación da Lingua Inglesa.

1. Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes e propia, e para descubrir algúns aspectos comúns (xogos de sortes, xogos tradicionais e festas...).
2. Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua mostrando interese por imitar, escoitar e reproducir rimas, cancións, xogos, elementos repetitivos dos contos e de cancións.
3. Comprender mensaxes verbais, significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.
4. Participar comprensivamente, empregando formas lingüísticas e non lingüísticas en producións orais moi sinxelas relativas a situacións e a temas de interese para o alumnado: xogos, dramatizacións de contos, instrucións para realizar actividades da aula.
5. Amosar comprensión, mediante respostas verbais sinxelas e básicas, en situacións de comunicación cotiás (saúdo, despedida, presentación, expresión de estados de ánimo e outros) e iniciarse nas fórmulas orais da expresión cotiá.
6. Imitar sons, repetir producións orais sinxelas e breves de uso diario na aula e memorizar fórmulas breves e sinxelas de comunicación oral de interese para os/as nenos/as (xogos de sortes, retrosos de cancións e contos, fórmulas verbais para iniciarse unha actividade, lerías, xogos de mans...)